

**ACTA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA BIÓLOGO/A PARA O PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS DO CONCELLO DE TOMIÑO 2020**

**Acta de constitución do Tribunal para a realización da proba práctica, valoración dos méritos e entrevista.**

No Concello de Tomiño, o 25 de maio de 2020 sendo as 09:00 horas, réunese o tribunal para realizar a proba práctica, para a selección da persoa que ocupará a praza de **Biólogo/a**, mediante contrato laboral temporal a tempo parcial (80% xornada - 30 horas semanais), para levar a cabo o servizo **“Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos do Concello de Tomiño 2020”**, subvencionado pola Deputación de Pontevedra.

**-Presidenta:** Ana I. Morgadas Campo, Interventora do Concello de Tomiño

**-Vogais:**

M<sup>a</sup> del Carmen Fernández López, AEDL do Concello de Tomiño

Ricardo Pernas Romani, funcionario do Concello de Tomiño

Mónica Limeres González, funcionaria do Concello de Tomiño

Elisabet Pérez de Santiago, Técnica de Cultura e Información Xuvenil do Concello de Tomiño

**-Secretaria:** Catalina Echevarría Buades. Secretaria do Concello de Tomiño

**Primeiro.-** Todos/as os/as candidatos/as convocados/as pola Oficina de Emprego, confirmaron por correo electrónico haber recibido as bases desta convocatoria. **Excluíronse** as persoas que figuran a continuación polos seguintes motivos:

APELIDOS	NOME	MOTIVO
ALVAREZ VAZ	ANA	NON PRESENTOU SOLICITUDE
BRAVO ALONSO	PEDRO	NON PRESENTOU SOLICITUDE
RAMOS TAMAYO	MARIA PILAR	ABANDONA PROCESO DE SELECCIÓN

Transcorrido o prazo de alegacións das persoas excluídas ningunha presentou alegacións polo que a lista de admitidos/excluídos considérase **definitiva**.

**Segundo.-** Das candidatas que se presentaron todas aceptaron participar neste proceso de selección e todas cumpren os requisitos.



**Terceiro.-** Realizada a **proba práctica** conforme ao establecido na base cuarta, as candidatas admitidas obtiveron a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	PROBA
ALVAREZ ALVAREZ	NOEMI	8
GARCIA RODRIGUEZ	CARMEN	NON SE PRESENTOU Á PROBA
POUSA RODRÍGUEZ	MARÍA CRISTINA	NON APTA

**Cuarto.-** Á vista da puntuación obtida polas candidatas na proba práctica que tiña **carácter eliminatorio**, a continuación, procedeuse a realizar a **valoración de méritos** e a posterior **entrevista**, á candidata que superou a proba práctica.

Realizada a **valoración de méritos** conforme ao establecido na base cuarta a candidata que superou a proba práctica, obtivo a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	MÉRITOS
ALVAREZ ALVAREZ	NOEMI	1

**Quinto.-** A persoa que superou a proba práctica acreditou xunto cos méritos o nivel mínimo de **Celga 4** e tendo en conta os puntos que segundo as bases desta convocatoria se atribuían directamente ás persoas que o acreditaron, os resultados obtidos neste apartado foron:

APELIDOS	NOME	GALEGO
ALVAREZ ALVAREZ	NOEMI	3

**Sexto.-** Realizada a **entrevista**, a candidata que superou a proba práctica, obtivo a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	ENTREVISTA
ALVAREZ ALVAREZ	NOEMI	2,5

**Sétimo.-** As **puntuacións totais** obtidas foron as seguintes:

APELIDOS	NOME	TOTAL
ALVAREZ ALVAREZ	NOEMI	14,5

Á vista da puntuación obtida polas candidatas en cada un dos apartados avaliados (proba práctica, galego, méritos e entrevista), a candidata que logrou a maior puntuación e que polo



tanto se propón para ocupar a devandita praza é:

ÁLVAREZ ÁLVAREZ
-----------------

NOEMI
-------

Antes da sinatura do contrato, a persoa seleccionada deberá pasar o **recoñecemento médico laboral de inicio** coa valoración de “**apta**” para exercer as súas funcións e deberá aportar ao departamento de intervención a documentación precisa para facer o contrato.

A persoa que durante o prazo de solicitude, presentara so fotocopias simples da documentación obxecto de valoración, deberá neste momento presentar os **ORIXINAIS da mesma**.

Dáse por acabado o acto ás 10:45 horas estendéndose este acta que asinaron os asistentes e certifico.

TOMIÑO, 25 DE MAIO DE 2020

O TRIBUNAL:

A SECRETARIA:

